



Asumindo o Servizo Galego de Saúde as responsabilidades de prescrición e avaliación da farmacoterapia así como o uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, en desenvolvemento do artigo 13 do DECRETO 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, constitúese pola orde Orde do 9 de abril de 2010 a Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT), como órgano interno de asesoramento da Consellería de Sanidade, que ten como obxectivo xeral realizar un seguimento da utilización dos recursos farmacoterapéuticos nos centros da rede asistencial do Servizo Galego de Saúde e propoñer estratexias de mellora na xestión eficiente dos recursos canto a calidade, seguridade e eficiencia do seu emprego, e na equidade de acceso a eles.

Segundo recolle o artigo 3 de dita Orde, a CACFT elaborará información obxectiva e independente sobre os medicamentos, produtos sanitarios e dietoterápicos e establecerá recomendacións de emprego comúns para todos os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde. Entre as súas funcións está a de elaborar protocolos farmacoterapéuticos e facer un seguimento dos diferentes procedementos de aplicación do *Real decreto 1015/2009, de 19 de junio, por el que se regula la disponibilidad de medicamentos en situaciones especiales*, para dar unha resposta homoxénea no Servizo Galego de Saúde en canto á utilización destes medicamentos.

Para elo, e segundo o artigo 9, a CACFT funcionará en pleno, sen prexuízo de que se poderá acordar a creación de subcomisións ou grupos de traballo para o estudo de temas concretos.

Por outra banda, a Instrución 4/2010 da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, relativa á inclusión de medicamentos de alto impacto sanitario, social e económico nas guías farmacoterapéuticas das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, no seu punto cuarto indica que, *"en casos excepcionais de urxencia, a dirección do centro co asesoramento da respectiva Comisión de Farmacia e Terapéutica poderá autorizar o uso dun medicamento, debendo información á maior brevidade posible á Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica a fin de que avalíe a conveniencia ou non da inclusión daquel medicamento na guía correspondente"*.

De conformidade co artigo 9 de dita Orde e en exercicio das súas funcións, a CACFT acordou na reunión do 28 de outubro de 2014, regular no Servizo Galego de Saúde o procedemento de avaliación das solicitudes de medicamentos en situacións especiais, que ben se empreguen pola vía do uso compasivo, ou ben se trate de medicamentos estranxeiros, e constituír unha Subcomisión Avaliadora de cada especialidade implicada no tratamento da patoloxía á que van dirixidos estes medicamentos, de cara a garantir a homoxeneidade e equidade no acceso a eles, dos usuarios do Servizo Galego de Saúde.

A maiores, tamén acordou que a aplicación destas Subcomisións Avaliadoras tamén se estendería a aqueles medicamentos que gozan xa de financiamento no Sistema Nacional de Saúde, pero que están pendentes da súa inclusión na guía Farmacoterapéutica do Servizo Galego de Saúde.

Na actualidade, para as áreas terapéuticas distintas a hematoloxía e oncoloxía, tanto o uso dos medicamentos en situacións especiais, como de aqueles medicamentos que gozan xa de financiamento no Sistema Nacional de Saúde, pero que están pendentes da súa inclusión na guía Farmacoterapéutica do Servizo Galego de Saúde, deben enmarcarse no ámbito da do punto cuarto da Instrución 4/2010 da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.



Tendo en conta que na actualidade non existen procedementos de avaliación individualizada de medicamentos en situacións especiais de todas as áreas terapéuticas, e que o acceso a estes medicamentos para as áreas terapéuticas distintas a hematoloxía e oncoloxía estanse tramitando a través do punto cuarto da Instrución 4/2010, compre unificar o procedemento de tramitación de todas as solicitudes de medicamentos das distintas as áreas terapéuticas, a través do **procedemento de urxencia** segundo o indicado no punto cuarto da Instrución 4/2010 da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

Por todo elo, a CACFT reunida en data 28 de maio de 2018, en exercicio das súas funcións acorda por unanimidade o seguinte:

1) Unificar o procedemento de información á CACFT dos medicamentos das distintas áreas terapéuticas, tanto do uso en situacións especiais, como de aqueles medicamentos que gozan xa de financiamento no Sistema Nacional de Saúde, pero que están pendentes da súa inclusión na guía Farmacoterapéutica do Servizo Galego de Saúde, a través do **procedemento de urxencia** según o indicado no punto cuarto da Instrución 4/2010 da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

Este trámite realizarase a través do aplicativo de xestión de medicamentos en situacións especiais SOLES. Toda a información rexistrada no aplicativo, estará dispoñible para o seu estudo e seguimento pola Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica.

Coa realización deste trámite entenderase cumprida a obriga de informar á CACFT dos casos excepcionais de urxencia, prevista no apartado cuarto da Instrución 4/2010 da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

2) Constituír a Subcomisión técnico-asesora de hematoloxía e a Subcomisión técnico-asesora de oncoloxía, como órganos internos de asesoramento da CACFT, as cales deixarán de realizar funcións de avaliación de tratamentos individualizados, para colaborar coa CACFT na protocolización e seguimento da utilización dos recursos farmacoterapéuticos empregados en oncoloxía e hematoloxía, coa finalidade de seguir garantindo a homoxeneidade e equidade no acceso dos usuarios do Servizo Galego de Saúde aos medicamentos, tanto en situacións especiais como en aquelas que polo seu impacto sanitario, social, económico ou con variabilidade na utilización de medicamentos fan necesaria a súa especial supervisión e seguimento.

(Xúntase como Anexo documento que recolle a finalidade, funcións, composición e funcionamento das subcomisións constituídas ao respecto).

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

Jorge Aboal Viñas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde



ANEXO

Finalidade, funcións, composición e funcionamento das Subcomisións Técnico Asesoras de Hematoloxía e Oncoloxía

1.- Finalidade

A Subcomisión técnico asesora de hematoloxía e a Subcomisión técnico asesora de oncoloxía, como órganos internos de asesoramento da CACFT e adscritas a este órgano, teñen como finalidade colaborar coa CACFT na protocolización e seguimento da utilización dos recursos farmacoterapéuticos empregados en oncoloxía e hematoloxía para garantir a homoxeneidade e equidade no acceso dos usuarios do Servizo Galego de Saúde aos medicamentos, tanto en situacións especiais como en aquelas que polo seu impacto sanitario, social, económico ou con variabilidade na utilización de medicamentos fan necesaria a súa especial supervisión e seguimento.

Todo elo sen prexuízo das funcións que ten atribuídas a Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

2.- Funcións

A Subcomisión técnico asesora de hematoloxía e a Subcomisión técnico asesora de oncoloxía, a partir de información obxectiva e independente sobre os medicamentos empregados no tratamento das patoloxías oncolóxicas e hematolóxicas, no marco das recomendación de emprego e criterios de priorización que se puideran establecer ao respecto no ámbito do Sistema Nacional de Saúde, colaborará coa CACFT no establecemento de recomendacións de emprego comúns e seguimento dos tratamentos instaurados para todos os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde, a través das seguintes funcións:

- Protocolización das patoloxías onco-hematolóxicas que polo seu impacto sanitario, social, económico ou con variabilidade na utilización de medicamentos fan necesaria a súa especial supervisión e seguimento da adhesión aos protocolos definidos.
- Seguimento dos diferentes procedementos de aplicación do Real decreto 1015/2009, do 19 de xuño, polo que se regula a dispoñibilidade de medicamentos en situacións especiais.
- Seguimento da utilización dos recursos farmacoterapéuticos empregados en oncoloxía e hematoloxía, especialmente a partir da información dispoñible no aplicativo SOLES, e dos resultados en saúde dos tratamentos aplicados.

3.- Composición

As Subcomisións técnico-asesoras de hematoloxía ou oncoloxía estarán constituídas polos seguintes membros que serán designados polo equipo directivo de cada EOXI:

- 7 facultativos médicos da correspondente especialidade médica, un por cada EOXI
- 1 facultativo de farmacia hospitalaria por cada EOXI



4.- Funcionamento.

A Subcomisión técnico asesora de hematoloxía e a Subcomisión técnico asesora de oncoloxía funcionarán en pleno, e fomentará a coordinación e traballo por medios telemáticos conforme a protocolos normalizados de traballo que estableza.

Os acordos acadados nas subcomisións técnico asesoras elevaranse á CACFT para o seu estudo.

Todos os membros da subcomisión e os expertos que colaboren coa mesma, realizarán unha declaración de conflitos de interese.